



Asunto. Notificación Resolución. Recurso de Reposición 171/2018.	Xunta Electoral Federación Galega de TIRO OLÍMPICO
---	---

Como secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva notificolle resolución adoptada polo Comité o 20 de decembro de 2018.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018.
Jorge Barros de la Peña



Secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva





En Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2018, reunido o Comité Galego de Xustiza Deportiva en sesión plenaria o día da data resolveu o expediente núm. 171/2018, y

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por medio de escrito de 26 de novembro de 2018, depositado na oficina de Correos de Lugo o 29 de novembro e entrada o 4 de decembro no Comité Galego de Xustiza Deportiva, D. Julio Rivas Iglesias presentou recurso de reposición contra a resolución deste Comité de 26 de outubro de 2018 ditada no expediente 109/2018, acumulado aos expedientes 100, 111 e 112/2018, pola que se acordou desestimar os recursos interpostos contra o acordo da xunta electoral de 17 de outubro de 2018 da Federación Galega de Tiro Olímpico (FEGATO), confirmando a proclamación definitiva a candidato á presidencia da federación de D. José María Fajardo Andrade Schachter. Solicítase no recurso que se revogue a citada resolución e se dite outra no seu lugar na que se acorde a nulidade dos acordos recolleitos no acta da xunta electoral da FEGATO de data 17 de outubro de 2018 e de todos aqueles que dela se deriven.

Asígnaselle ao expediente o núm. 171/2018

SEGUNDO.- Por providencia de 10 de decembro de 2018 o recurso foi admitido a trámite, dándose traslado do mesmo ao presidente da xunta electoral da FEGATO para que no prazo de 10 días hábiles formule as alegacións que estime pertinentes, providencia que foi cumprimentada mediante escrito de 17 de decembro, entrada no Comité o día 18.

Foi relator D. Miguel Juane Sánchez

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A impugnación no recurso de reposición diríxese a que se declare a nulidade do acordo da xunta electoral de 17 de outubro de 2018 por non estar presentes todos os membros da mesma, en concreto por non estar presente o presidente D. Yago Lanzos Gesto en contra do recollido no acta. Teríase incumprido así o disposto no art. 5.2 do regulamento electoral que recolle que as reunións da xunta electoral celebraranse na sé federativa, e no apartado 11 da mesma norma, que establece que a asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo ausencia xustificada. Tampouco se observaron os requisitos contemplados na Disposición Adicional 3.^a do Decreto 16/2018 para a celebración de reunións da xunta electoral mediante o uso de medios electrónicos.



SEGUNDO.- A xunta electoral nas súas alegacións argumenta que debe desestimarse o recurso de reposición por dous motivos: o primeiro, polo súa extemporaneidade; o segundo, porque se fundamenta en feitos distintos aos manifestados na interposición da reclamación inicial ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

En canto ao primeiro, segundo consta no expediente, a resolución de 26 de outubro de 2018 foi remitida por correo electrónico a D. Julio Rivas Iglesias o mesmo día 26 de outubro de 2018, ás 10:01, solicitando confirmación da súa recepción, o que fixo D. Julio Rivas Iglesias mediante correo electrónico do 29 de outubro, ás 11:40 horas, na que comunica que a ese día e hora recibiu o correo. En consecuencia, canto deposita o recurso de reposición na oficina de Correos en Lugo o 29 de novembro, está en prazo.

En canto ao segundo, asiste á razón á xunta electoral. No recurso inicial, así como nos acumulados 110, 111 e 112/2018, os motivos de impugnación da candidatura de D. José María Fajardo Andrade Schachter que se admitiu no acordo da xunta electoral de 17 de outubro de 2017, tal e como se recolle na propia resolución deste Comité de 26 de outubro de 2018 agora recorrida en reposición, foron dous:

1.- Porque D. José María Fajardo Andrade Schachter tiña participado como interventor na mesa electoral núm. 1 da Coruña o día da votación a membros da asemblea xeral, o que implica a súa condición de membro da mesa electoral que, conforme ao previsto no art. 9.4 do regulamento electoral, non quedaría disolta ata a constitución da asemblea (prevista a súa celebración o 27 de outubro), o que lle inhabilita para presentar a súa candidatura a presidente.

2. Porque D. José María Fajardo Andrade Schachter antes de presentar a súa candidatura á presidencia da federación non presentou a súa renuncia como membro dela comisión xestora, tal e como esixe o art. 3.2 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro.

En ningún dos recursos se instou a nulidade do acordo polos motivos que agora se aducen. É certo que no recurso inicial de D. Julio Rivas Iglesias hai unha mención a que o presidente da xunta electoral estaba en Madrid e non na sede federativa, dicindo que así se recollía no voto particular da secretaría da xunta electoral, pero esa mención facíase para argumentar como o acordo non se adoptou por unanimidade e ata, alegábase no recurso, como proba de que a acta sede realizara con anterioridade. Pero, reitérase, os motivos de impugnación foron outros e se fundamentaron noutros feitos, e os puntos en que se concreta o que se solicitou no recurso inicial foi que non se admitise a candidatura de D. José María Fajardo Andrade Schachter polas razóns apuntadas, ningunha dela por falta de asistencia física do presidente da xunta electoral na reunión de 17 de outubro de 2018. Por iso, o recurso de reposición debe ser desestimado.



TERCEIRO.- Aínda cando se considerase que a causa de nulidade do acordo da xunta electoral de 17 de outubro de 2018 nos termos agora pretendidos fose invocada no recurso inicial, que non o foi, o recurso de reposición tería que ser igualmente desestimado.

Que existiu unha reunión da xunta electoral o 17 de outubro de 2018 é un feito que non admite controversia. No propio voto particular de D^a Pilar Vidal Barrio dise asistían de xeito presencial ela e D^a Iria Rancaño Otero, e que o presidente da xunta electoral, que se atopaba en Madrid asistindo a un curso, entrou por teléfono. Consta acreditado polo certificado aportado pola xunta electoral que D. Yago Lanzos, efectivamente, asistira a un curso en Madrid. A reunión da xunta verificouse, con dous membros presentes e un intervindo telefonicamente, e o problema foino en relación co acta e os acordos reflectidos na mesma. Na versión que se recolle no voto particular existiría unha redacción previa con cuxo contido non estaba conforme, en particular porque votaba en contra da admisión da candidatura de D. José María Fajardo Andrade Schachter. E nun primeiro momento publicouse un acta cuns acordos adoptados por unanimidade, que foi corrixida matizando que o foron por maioría publicándose o voto particular da secretaria quen votara en contra. Tal e como se di na resolución deste Comité de 26 de outubro, entre o voto da maioría e o voto particular quedou sen dúbida constituída a vontade da xunta electoral.

Os acordos adoptados poden ser impugnados por motivos de fondo, pero non polo feito de que o presidente, ausente por motivos laborais, interviñese na reunión telefonicamente. Tal intervención, e así se desprende implicitamente do voto particular, foi admitida sen ningunha reserva polas outras dous membros da xunta electoral presentes fisicamente. A discrepancia xurdiu nos acordos, non na forma de celebrarse a reunión. E tal forma está en último termo expresamente permitida pola Disposición Adicional 3.^a do Decreto/2018 en relación coa posibilidade de uso de medios electrónicos para as reunións dos membros da xunta electoral que se atopen en diferentes lugares, sen que neste caso fóra de aplicación a necesidade de nomear a unha persoa que auxiliase en Madrid ao presidente nas súas funcións polo feito de que a secretaria da xunta electoral estivese en Lugo.

Polo exposto,

O PLENO DO COMITE RESOLVE: desestimar o recurso de reposición interposto por D. Julio Rivas Iglesias contra a resolución deste Comité de 26 de outubro de 2018 ditada no expediente 109/2018, acumulado aos expedientes 100, 111 e 112/2018.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Rúa Madrid, nº 2-4, 2º, Fontiñas
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 881 996 358 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

galicia

Contra esta resolución pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Don Jorge Barros de la Peña, secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICA:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 20 de decembro 2018 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2018



